

O PRONOME PESSOAL

PRONOMES TÓNICOS

PRONOMES ÁTONOS

Definición

Son palabras gramaticais que mostran a identidade dos elementos do proceso comunicativo.

Ex: Os rapaces son pequenos > Eles son pequenos

Amosan variación de xénero, número e persoa e desempeñan as mesmas funcións que os substantivos e adxectivos.

Diferenciamos:

Pr. **Tónicos**, teñen acento e poden situarse en calquera lugar da oración. Funcionan como **suxeito**, **atributo** ou **complementos con preposición**.

Pr. **Átonos**, sen acento, polo que dependen doutras palabras ao redor das cales se sitúan, verbo ou pronome. Funcionan de **CD** ou **CI**.

O PRONOME TÓNICO

As **formas** do pr. tónico son:

| PRONOME PERSOAL TÓNICO | | | |
|------------------------|-------------|----------------|------------------|
| Tónico | Suxeito | Oblicuo libre | Oblicuo ligado |
| P1 | EU | MIN | COMIGO |
| P2 | TI, VOSTEDE | TI, VOSTEDE | CONTIGO, CONSIGO |
| P3 | EL, ELA | EL, ELA, SI | CONSIGO |
| P4 | NÓS, | NÓS, | CONNOSCO |
| P5 | VÓS | VÓS | CONVOSCO |
| P5 | VOSTEDES | VOSTEDES | CONSIGO |
| P6 | ELES, ELAS | ELES, ELAS, SI | CONSIGO |

O PRONOME TÓNICO

As **contraccións** do pr. tónico coa preposición:

| | EL | ELA | ELES | ELAS |
|-----------|-----------|------------|-------------|-------------|
| EN | nel | nela | neles | Nelas |
| DE | del | dela | deles | delas |

O PRONOME TÓNICO

Os **pronomes oblicuos** son aqueles que aparecen precedidos por unha preposición e, xa que logo, desenvolven a función do termo do frase preposicional, non podendo nunca ser suxeito.

- **min**: Estiveron falando de min
- **ti**: Este xersei é para ti
- **el, ela**: Estás todo o día mirando para ela
- **nós**: Elas trouxeron ese agasallo para nós
- **vós**: Non esperaba iso de vós
- **eles, elas**: Podes ir xogar con el.

O PRONOME TÓNICO

Os **pronomes oblicuos ligados** chámanse así por formar parte do seu corpo fónico a preposición "con". Actúan como complementos circunstanciais de compañía.

- **comigo**: Carme bailou comigo.
- **contigo**: Túa nai quería falar contigo.
- **consigo** (con el/ela): Carlos estivo pelexando con el.
- **connosco**: Ven xantar connosco.
- **convosco**: Vou xogar convosco.
- **consigo** (con eles/elas): Vou ao mercado con elas.

O PRONOME TÓNICO

Nosoutros / Vosoutros

Non son o mesmo ca "nós" e "vós". "**Nosoutros**" e "**vosoutros**" refírense a un grupo pechado de individuos coñecido polo falante e polo oínte, polo que quedan excluídos deles todos os individuos que non pertencen a ese grupo:

*EX: Saberás que o Director díxonos a **nós** (a case todos os alumnos do instituto) no Salón de actos que **nosoutros** (os presentes e o mais os demais alumnos de 4ºESO A) quedabamos castigados sen ir de excursión.*

O PRONOME TÓNICO

Plural de modestia (NÓS por EU)

Nós complexivo (NÓS por TI)

Plural sociativo(NÓS por EU)

Ex.: Realizamos o traballo = Realicei o traballo.

Como estamos hoxe? = Como estás hoxe?

Estamos ben, grazas = Estou ben, grazas

O PRONOME TÓNICO

TI por EU

O emisor presenta con certo distanciamento unha acción implicando o interlocutor:

Ex.: Cando non entendes, calas. = Cando non entendo, calo.

O PRONOME TÓNICO

EL / ELA por EU

Fórmula ritual empregada en textos xurídico-administrativos:

Ex.: Xabier Veiga, DNI 44444444S, solicita:

O PRONOME TÓNICO

A FORMA ARCAICA ELO

No galego antigo tiñamos unha forma pronominal neutra e invariable (ELO) que deixou algún vestixio en expresións actuais como “estar a elo”.

No galego actual esta forma é un arcaísmo e foi substituída por outras formas pronominais ou polo demostrativo neutro.

*Ex.: *por elo, *elo é que, nelo estamos... deben evitarse e usar as expresións: POR ISO, O CERTO É QUE ou ESTAMOS NISO, respectivamente.*

O PRONOME ÁTONO

As **formas** do pr. átono son.

| PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS | | |
|--------------------------|-----------------------------|-----------|
| O. I. | Obxecto directo | REFLEXIVO |
| ME | ME | ME |
| CHE | TE | TE |
| LLE | O, LO, NO / A, LAS, NAS | SE |
| NOS | NOS | NOS |
| VOS | VOS | VOS |
| LLE | OS, LOS, NOS / AS, LAS, NAS | SE |

O PRONOME ÁTONO

Formas de 3ª persoa, función CD: O / LO / NO - A / LA / NA

| | |
|------------------|--|
| LO/LA LOS/LAS | -Despois de formas verbais rematadas en -R e _S: ex.: Vai facer cestos: Vai facel os . Traes as tarefas?: Tráel as ? |
| NO/NA NOS/NAS | -Detrás de formas verbais rematadas en ditongo decrecente: ex.: Chamoun o ás 12 da noite. |
| O/A OS/AS | Nos demais casos: verbo rematado en vogal, en cons. -N ex.: Fíxo o el non me digas nada a min. Eles fixéron o sen permiso. |

O PRONOME ÁTONO

Formas de 2ª persoa: te / che

Vinte o outro día / Vinche a ferida.

REGRA PARA DIFERENCIALAS!!

Cando ao poñer a secuencia en terceira persoa o pronome resultante sexa *o* (*lo, no*), na segunda persoa será *te*:

vino o outro día -> vinte o outro día

Cando ao poñer a secuencia en terceira persoa o pronome resultante sexa *lle*, en segunda persoa será *che*:


vinlle o embigo -> vinche o embigo

TEÍSMO / CHEÍSMO

En case toda Galicia encontramos o pronome "che" empregado no caso dativo (CI) e o pronome "te" empregado no caso acusativo (CD) ou como reflexivo, sistema este coincidente co presente na normativa da lingua galega.

Agora ben, na área lingüística fisterrá (Santiago, Bemibre, Fisterra, Tambre, Barbanza) emprégase "che" tanto como dativo como acusativo, hai logo **cheísmo**.

Mentres que na zona do Baixo Miño e en falas zamoranas empregan "te" tanto para acusativo como para dativo, producíndose **teísmo**



TEÍSMO / CHEÍSMO

| Caso | Forma estándar | Formas do cheísmo | Formas do teísmo |
|-----------|----------------|-------------------|------------------|
| Acusativo | te | che | te |
| Dativo | che | che | te |
| Reflexivo | te | te | te |

Nas zonas de **teísmo** dirán:

Chameite (CD) onte
Merqueite (CI) um xersei.

Nas zonas de cheísmo dirán:

Chameiche (CD) onte.
Mercheiche (CI) um xersei.

DATIVO DE SOLIDARIEDADE

É un trazo expresivo de frecuente uso na lingua galega empregado coa intención de implicar o interlocutor naquilo que o predicado expresa, pretendendo a súa solidariedade, a complicidade ou unha aproximación afectiva que o inste a implicarse.

| | P2 | P5 | P2 (cortesía) | P5 (cortesía) |
|--------|-----|-----|---------------|---------------|
| FORMAS | CHE | VOS | LLE | LLES |

DATIVO DE SOLIDARIEDADE

Exemplos de uso:

| Sen pronome de solidariedade | Con pronome de solidariedade |
|------------------------------|------------------------------------|
| Roubáronme o coche | Roubáron che me o coche |
| Non me roubaron o coche | Non che me roubaron o coche |
| Roubáronme o coche | Roubáronme vos o coche |
| Non me roubaron o coche | Non me les roubaron o coche |

Obsérvese que o pronome de solidariedade singular colócase antes do persoal de obxecto indirecto, mentres que os pronomes de solidariedade de segunda persoa do plural colócanse despois do obxecto indirecto.

DATIVO DE INTERESE

É un pronome que indica a persoa que intervén na acción porque dela recibe proveito ou dano. As súas formas son as de CI: **me, nos, che, vos, lle e lles**.

Exemplos de uso:


| Sen dativo de interese | Con dativo de interese |
|---|--|
| Meu fillo aprobou todas as materias | Meu fillo aprobou me todas as materias |
| Meu fillo non aprobou todas as materias | Meu fillo non nos aprobou todas as materias |

LLE / LLES

Para o complemento indirecto de terceira persoa as formas máis frecuentes no Bloque Central e Oriental de Galicia, así como as normativas na escrita e determinados usos públicos, son "lle" (terceira persoa de singular) e "lles" (terceira persoa de plural):

- *Díxenlle o agasallo a el (ou a ela)*
- *Díxenlles o agasallo a eles (ou a elas).*

- Ilo/llelo
- ti/tu
- il/el (e iste/este)



LLE / LLES

| Oración | Obxecto directo | dirixida a | Resultado |
|-------------------|-----------------|------------------|---------------------|
| Díxen lle | iso | a el ou a ela | Díxen llo |
| Díxen lle | a nova | a el ou a ela | Díxen lla |
| Díxen lle | os erros | a el ou a ela | Díxen llos |
| Díxen lle | as novas | a el ou a ela | Díxen llas |
| Díxen lles | iso | a eles ou a elas | Díxen llelo |
| Díxen lles | a nova | a eles ou a elas | Díxen llela |
| Díxen lles | os erros | a eles ou a elas | Díxen llelos |
| Díxen lles | as novas | a eles ou a elas | Díxen llelas |

LLE / LLES

No Bloque Occidental, en cambio, non distinguimos eses dous complementos e temos, polo tanto, un único pronome para a terceira persoa do singular e do plural do pronome persoal átono de complemento indirecto. Esta forma é "lle":

- *Díxenlle iso a el (ou a ela).*
- **Díxenlle iso a eles (ou a elas).*

LLE / LLES

No Bloque Occidental, e por non empregarmos "lles" nunca, tampouco faremos as contraccións "llelo", "llela", "llelos", "llelas". É obrigatorio na escrita o uso de "lles" e das súas contraccións ("llelo", "llela", "llelos", "llelas"), sendo un trazo dialectal na fala a súa ausencia.

*Deille o agasallo aos cativos > deillo

O correcto sería:

Deilles o agasallo aos cativos > déillelo



LLE ou LLES

Engade á oración o persoal de obxecto directo correspondente

| Oración | Obxecto directo | dirixida a | Resultado |
|-----------|-----------------|------------------|----------------|
| Díxenlle' | iso | a el ou a ela | Díxenlle _____ |
| Díxenlle | a nova | a el ou a ela | Díxenlle _____ |
| Díxenlle' | os erros | a el ou a ela | Díxenlle _____ |
| Díxen' | as novas | a el ou a ela | Díxenlle _____ |
| Díxen' | iso | a eles ou a elas | Díxen _____ |
| Díxen' | a nova | a eles ou a elas | Díxen _____ |
| Díxen' | os erros | a eles ou a elas | Díxen _____ |
| Díxen' | as novas | a eles ou a elas | Díxen _____ |

O PRONOME ÁTONO

Concorrencia do pronome de CI e CD.

| PERSOAL de O. I. + PERSOAL de O. D. (O, A, OS, AS) | | | | |
|--|--------|--------|---------|---------|
| ME | MO, | MA, | MOS, | MAS. |
| CHE | CHO, | CHA, | CHOS, | CHAS. |
| LLE | LLO, | LLA | LLOS, | LLAS. |
| NOS | NOLO, | NOLA, | NOLOS, | NOLAS. |
| VOS | VOLO, | VOLA, | VOLOS, | VOLAS. |
| LLES | LLELO, | LLELA, | LLELOS, | LLELAS. |

PRONOME REFLEXIVO

A reflexividade afecta a algúns verbos para expresar coincidencia entre a persoa do suxeito e a do pronome.

| | |
|--|---|
| Non é posible a construción reflexiva nas que a acción recae sobre unha parte do suxeito | *Laveime as mans > Lavei as mans |
| Hai verbos que cambian de significado se levan ou non pr. reflexivo. | Afogar/afogarse, fixar/fixarse, manifestar/manifestarse |
| Algúns verbos reflexivos en castelán non o son en galego. | Calar, caer, casar, espertar, ficar, marchar, morrer, romper... |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Posición enclítica (énclise): por regra xeral, o pronome vai colocado sempre **detrás** do verbo e unido a el.

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|--|--|
| Gustou me a película | A película me gustou |
| Ontes te pola rúa e presentáches me a Uxía | Ontes te vin pola rúa e me presentaches a Uxía |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Posición proclítica (próclise): Hai determinadas palabras que, situadas antes do verbo, fan que o pronome se coloque **diante** del. Trátase dos seguintes casos:

- Palabras que marcan subordinación: **que** (aínda que, sempre que, posto que, xa que, ...) **se, onde, cando, porque.....**

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|--|--------------------------------|
| Dixo que te vira onte | Dixo que vírate onte |
| Se llo regalas, terás un premio | Se regálasllo, terás un premio |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

- Os pronomes interrogativos: **onde, cando, canto, como** tamén producen a anteposición.

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|-------------------------------|-----------------------|
| Canto lle deches ... ? | Canto décheslle ... ? |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Os adverbios e indefinidos de negación colocados antes do verbo provocan próclise (**non, nunca, xamais...**)

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|----------------------|----------------------|
| Non o vin | Non vino |
| Xamais nolo contou | Xamais contóunolo |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Tamén hai anteposición nas oracións desiderativas

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|---------------------------|----------------------|
| O demo te leve! | O demo lévete! |
| Mal raio te parta! | Mal raio pártate! |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Os adverbios de dúbida (**quizais, tal vez, seica, disque**)

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|--|-------------------------------------|
| Quizais che pregunte mañá a lección | Quizais pregúnteches mañá a lección |
| Seica te veu ver teu pai | Seica veute ver teu pai |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Algúns outros adverbios: **xa, só, ben, tamén, mal, axiña, aínda, máis, menos, velaquí, velaí, enseguida, deseguida, sempre, algures, cedo, igual ('do mesmo xeito'), peor, mellor, tarde**, entre outros.

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|---------------------------------------|-------------------------------|
| Xa cho dixo aquela rapaza | Xa díxocho aquela rapaza |
| Só llo contei á miña sogra | Só conteillo á miña sogra |
| Sempre te estás a meter comigo | Sempre estaste a meter comigo |
| Aínda cho pedín o outro día | Aínda pedincho o outro día |
| Máis nos valería marchar | Máis valeríanos marchar |
| Aquí o tes | Aquí telo |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Con algúns adverbios é posible tanto a anteposición como a posposición. A escolla dunha ou doutra depende da énfase ou entoación. Son estes adverbios: *aquí, alí, aí, alá, acá, aló, acó, acolá, así, logo, agora,*

| Anteposición | Posposición |
|---------------------------|--------------------------------------|
| Aquí o tes | Aquí ha che moita froita |
| Así pásao o mellor | Así cho dixo? |
| Agora cho dou | Agora cháman lle a marquesiña |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Anteposición tamén con algúns indefinidos: **ninguén, nada, ningún, algo, alguén, ambos, bastante, calquera, entrambos, mesmo, todo.**

Outros indefinidos, a anteposición, depende do contexto, da énfase ou entoación: **algún, outro, un, os mais, os demais, moi, pouco, tal, tanto, tan.**

Hai tres indefinidos que nunca provocan a anteposición do pronome: **cada, varios, certo**

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|------------------------|----------------------|
| Ninguén mo dixo | Ninguén díxomo |
| Nada che debo | Nada déboche |

COLOCACIÓN DO PR. ÁTONO

Cando o precede unha preposición pode ir **diante** ou **detrás**.

Para dicirlle iso cómpre valor.

Para lle dicir iso cómpre valor.

Nas perífrases verbais pode ir a carón do verbo principal despois da conxunción ou preposición ou detrás do infinitivo

| Pronome ben colocado | Pronome mal colocado |
|--|-----------------------------------|
| Teño che que dar unha boa noticia Teño que che dar unha boa noticia Teño que dar che unha boa noticia | Che teño que dar unha boa noticia |

BIBLIOGRAFÍA

[http://gl.wikibooks.org/wiki/Curso de lingua galega/O persoal/%C3%81tono/Colocaci%C3%B3n](http://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega/O_persoal/%C3%81tono/Colocaci%C3%B3n)

<http://www.staki.com/matuquin/index.htm>

Libro de texto de Anaya de 1º de BAC de Lingua Galega e Literatura.

MÁIS EXERCICIOS.

[http://www.ogalego.eu/exercicios de lingua/exercicios/morfloxia/pronome.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfloxia/pronome.htm)

<http://www.linguagalega.org/lingua/clasesdepalabras/pronomes/pronomes.html>

<http://centros.edu.xunta.es/iesoteropedrayo.ourense/dptos/gal/exercicios.htm>